



REGUEIFAS E FOLIADAS

Esta actividade está promovida dende o EDLG e o departamento de Lingua Galega, para fomentar o galego e dar a coñecer este modelo de improvisación oral o alumnado da ESO. Nos tempos de lecer dos venres o alumnado pode participar nesta actividades, así como en foliadas amenizadas polo profesor Daniel Agullo e a profesora Vanessa Pita

A **regueifa**, é unha tradición oral galega en verso na que a ironía é a protagonista, é unha cantiga improvisada entre dúas ou máis persoas que seguen un mesmo cantar ou son durante o tempo que dura unha disputa, sobre un tema determinado. Ademais, ten a característica de que cada regueifeiro canta unha estrofa de catro versos octosílabos nos que riman os pares e quedan libres os impares.



As regueifas relaciónanse cunha antiga tradición das vodas campesiñas, onde era costume a madriña dos acabados de casar puxese a disposición dos convidados ao convite un bolo de pan chamado “regueifa”, que podía ser disputado de dúas maneiras: improvisando cantigas de porfía onde se retaban dialecticamente entre eles en verso meténdose uns con outros,cos contraentes ou cos familiares destes para ver quen facía gala do maior enxeño e mordacidade ou bailando unha muiñeira de puntos moi difíciles e artísticos.

A regueifa era entregada pola noiva á persoa vencedora na disputa e esta tiña a honra de repartila entre as solteiras e solteiros asistentes ao convite



Co paso do tempo chegou a ser unha diversión de entretemento nas tabernas o nas festas patronais.

Na actualidade as regueifas teñen unha popularidade moi limitada, aínda que seguen a facerse: acostuman a ser un divertimento pasaxeiro máis do que unha loita diálectica real, mais as maneiras son as tradicionais.



Úsanse especialmente en eventos patrocinados polos concellos ou asociación culturais e tamén nos ámbitos educativos polo seu atractivo para ensinar e transmitir a lingua galega a través da improvisación, da música e da tradición oral.



A **foliada** é unha reunión na que a xente se reúne para tocar, cantar e bailar. Un encontro de música tradicional que sucede normalmente pola tarde-noite e na que a protagonista é a cultura galega. É unha festa tradicional galega con todas as letras.

A Real Academia Galega di que é sinónimo de “algueirada, carallada, chola, esmorga, folía, gandaina, pándega, rexouba, riola, ruada, troula, trouleo e xolda” xeralmente porque todas estas son “diversións bulliciosas”.

Probablemente a que máis se lle pareza fose dos libros é a ruada que é unha foliada “libre” que sucede polas rúas.

E nalgúns lugares está tan conectada a foliada coa festa do patrón ou a patroa local, que á propia verbena chámana foliada.

Como curiosidade e desde o exitazo das “Tanxugueiras” cada vez di máis xente o de “esta noite hai foliada” como sinónimo de “festa rachada” (festexar coma se non houbera un mañá)

